

## CONSELLOS Á POBOACIÓN ANTE O FENÓMENO METEOROLÓXICO ADVERSO PREVISTO PARA A FIN DE SEMANA EN GALICIA

A Xunta de Galicia informa dun episodio meteorolóxico adverso na Comunidade para o día de mañá e a madrugada de domingo, deixando a Galicia en **alerta vermella** por ventos extremos, polo que se recomenda:

- evitar os desprazamentos e as actividades no exterior
- no caso de desprazamentos inaprazables, extremar as precaucións polo vento e posibles obstáculos nas vías. Se ten que abandonar o coche, procure deixalo a resguardo do vento e ben inmovilizado e sinalizado. Antes de viaxar, informarse do estado das estradas.
- non aproximarse á costa
- retirar ou asegurar os elementos que podan ser desprendidos polo vento, así como portas e fiestras
- non aproximarse a zonas arboradas ou onde se podan desprender obxectos, especialmente muros, edificacións ruinosas ou carteis publicitarios
- estar preparados ante a posibilidade de cortes no subministro eléctrico
- utilizar o teléfono só en casos de urxencia para evitar a saturación das liñas
- no caso de avarías ou cese no subministro eléctrico ou telefónico poñerse en contacto co número de avarías da súa compañía subministradora
- estar atentos aos medios de comunicación e seguir as indicacións das autoridades